

**RIANXO****EDICTO***Notificación por domicilio descoñecido*

“Conforme ó disposto nos artigos 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública a notificación da resolución dos expedientes sancionadores de tráfico instruídos polo Concello de Rianxo ós interesados que a continuación se relacionan, xa que intentada a notificación no último domicilio coñecido non se puido realizar.

Contra esta resolución poderá interporse recurso de reposición, que é potestativo, ante o Sr. Alcalde, no prazo dun mes ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado correspondente, no prazo de dous meses, contados ambos prazos a partir do día seguinte ó da publicación do presente no Boletín Oficial correspondente.

Transcorrido dito prazo sen facer uso deste dereito, as resolucións serán firmes e as multas poderán ser aboadas en período voluntario dentro dos quince días seguintes ó da súa firmeza, coa advertencia que, de non facelo, procederáse o seu cobro por vía executiva.

“Conforme a lo dispuesto en los artículos 59.5 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, se hace pública la notificación de iniciación de los expedientes sancionadores de tráfico instruidos por el Ayuntamiento de Rianxo a los interesados que a continuación se relacionan, ya que intentada la notificación en el último domicilio conocido no se pudo realizar.

Contra esta resolución podrá interponerse recurso de reposición, que es potestativo, ante el Sr. Alcalde, en el plazo de un mes o interponer directamente recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado correspondiente, en el plazo de dos meses, contados ambos plazos a partir del día siguiente al de la publicación del presente en el Boletín Oficial correspondiente.

Transcurrido dicho plazo sin hacer uso de este derecho, las resoluciones serán firmes y las multas podrán ser abonadas en período voluntario dentro de los quince días siguientes al de su firmeza, con la advertencia que, de no hacerlo, se procederá a su cobro por vía ejecutiva.

Exp. = expediente; Imp € = importe en Euros; susp. = meses de suspensión del permiso de conducir; puntos = puntos do permiso de conducción a detraer; RDL = Real Decreto Legislativo.

Exp	Denunciado	Identificación	C.P.	Localidade Localidad	Data Fecha	Imp €	Susp.	Puntos	Precepto
529/07	SANCHEZ GIRAO ISABEL	27439143-M	30820	ALCANTARILLA	16/07/2007	90	0	0	CIR. 154/2A
533/07	RIBADOMAR PADIN JUAN SALVADOR	35446053-V	36610	VILAGARCIA DE AROUSA	29/07/2007	90	0	0	CIR. 154/2A
638/07	PEREIRAS BARREIRO JAVIER	35440736-J	36640	PONTECESURES	12/07/2007	90	0	0	CIR. 154/2A
683/07	WILLISCH GONZALEZ IRENE	35207779-T	08025	BARCELONA	29/07/2007	90	0	0	CIR. 154/2A
767/07	PINTURAS PRIMO SL	B15408271	15920	RIANXO	29/08/2007	60	0	0	CIR. 92/2/1A
776/07	CASAIS TRILLO MARTA MARIA	79313204-G	15920	RIANXO	01/08/2007	150	0	2	CIR. 94/2/11

Rianxo, 24 de abril de 2008

Asdo./ Pedro Piñeiro Hermida.

Alcalde-Presidente.

08/5278-x

**SAN SADURNIÑO****ANUNCIO***Aprobación definitiva ordenanza normalización*

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de febreiro de 2008, acordou aprobar provisionalmente a Ordenanza de Normalización Lingüística. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 67, do 24 de marzo de 2008, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícase o texto íntegro desa Ordenanza, que é o seguinte:

**ORDENANZA SOBRE O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA****CAPITULO I. DO USO OFICIAL DA LINGUA GALEGA**

Art. 1.- Os cidadáns e as cidadás teñen dereito a ser atendidos/as e obter copia ou recibir a documentación municipal no idioma oficial da súa elección.

**CAPÍTULO II. ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

Art. 2.- O uso da lingua galega por parte do Concello de San Sadurniño e os organismos que del dependan hase rexer polos criterios de uso lingüístico establecidos nesta ordenanza.

Art. 3.- As empresas adxudicatarias ou concesionarias que actúan por conta deste Concello e as de explotación mixta farán o propio, e ha facerse constar explicitamente nos contratos correspondentes.

Art. 4.- O Concello de San Sadurniño velará para que a nivel interno e nas actuacións nas que participe - convenios, consorcios -, sexan aplicados os principios aquí establecidos.

Art. 5.- O Concello de San Sadurniño manterá un servizo de normalización lingüística obxectivo de dar pulo á normalización do galego. Tódolos organismos anteriormente citados axustaranse ós criterios de uso lingüístico que difunde o servizo de normalización lingüística.

### **CAPÍTULO III. DO USO DO GALEGO NA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL.**

Art. 6.- As actuacións internas do Concello faranse en galego.

Art. 7.- As actas das sesións que realice o Concello (pleno, xunta de goberno e comisións informativas) redactaranse en lingua galega. Igualmente redactaranse en galego os documentos dos diversos consellos e entidades con personalidade xurídica dependentes deste Concello.

Art. 8.- A Alcaldía e os rexedores, e tamén as diversas dependencias administrativas redactarán en lingua galega os ditames, informes e propostas.

Art. 9.- Tódolos impresos utilizados polos diferentes órganos deste Concello serán en Galego.

Art. 10.- Os rótulos indicativos de oficinas e despachos serán en galego, así como as inscricións dos mataselos e demais material de oficina.

Art. 11.- As aplicacións e programas informáticos han estar adaptados para o funcionamento en lingua galega.

Art. 12.- Cando o Concello encargue estudos a terceiros, proxectos e traballos análogos a persoas físicas ou xurídicas con domicilio en Galiza, ha demandar que sexan realizados en galego.

### **CAPÍTULO IV. DAS RELACIÓNS COS ADMINISTRADOS/AS**

Art.13.-Tódolos expedientes administrativos do Concello de San Sadurniño redactaranse en lingua galega.

Art. 14.-Sempre que calquera persoa interesada o solicite formalmente entregaráselle os documentos que lle afecten ou interesen na lingua oficial que demandase. De non existir esta demanda, sempre se formalizarán en galego.

Art. 15.- As comunicacións e notificacións dirixidas a persoas físicas ou xurídicas residentes dentro do abano lingüístico de Galiza faranse en lingua galega, sen perxuízo do dereito dos cidadáns de recibilas, se o demandan formalmente, en castelán.

Art. 16.- Os expedientes que deban ter algún ou tódolos efectos fóra do territorio onde a lingua galega é a oficial, faranse tamén en galego e castelán.

Art. 17.- Os impresos ofreceranse en versión galega, sen perxuízo do dereito dos particulares de recibilos en castelán se así o demandan. O Concello facilitará a tradución ó castelán daqueles impresos que así sexan requeridos.

Art. 18.- Só se farán impresos bilingües se algunha circunstancia especial así o requira, circunstancia que será resolta a proposta da responsable do servizo de normalización lingüística. O texto galego figurará sempre de forma preferente.

Art. 19.- Nas súas comunicacións administrativas orais, o persoal do Concello de San Sadurniño empregará a lingua galega, a non ser que o administrado/a demande ser atendido/a en castelán.

Art. 20.- Os documentos públicos e contractuais outorgados polo Concello redactaranse sempre en galego. No caso de que o Concello concurra xunto con outros outorgantes, o documento redactarase na lingua que acorde de forma maioritaria, e, se acaso, o Concello solicitará unha copia auténtica en galego para incorporala ó expediente.

### **CAPÍTULO V. DAS RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

Art. 21.- A documentación que o Concello dirixa a calquera das administracións públicas en territorio administrativo galego redactaranse en lingua galega.

Art. 22.- Os documentos e as copias dos documentos do Concello dirixidos ás Administracións Públicas de fóra do ámbito lingüístico galego tamén se redactarán en galego, pero así mesmo expedirase unha copia na lingua propia do territorio onde vaia dirixida a dita documentación en castelán.

Art. 23.- En relación ós documentos dirixidos directamente ós organismos centrais de ámbito supraestatal, o Concello aterase ó que preveñen as disposicións vixentes, redactándose sempre que sexa posible en lingua galega.

### **CAPÍTULO VI. DOS AVISOS, PUBLICACIÓNS E ACTIVIDADES PÚBLICAS**

Art. 24.- Os anuncios oficiais da corporación que se publiquen no BOP, no DOG, ou en calquera outro medio de comunicación radicado no territorio de Galiza serán redactados en lingua galega. Fóra do ámbito lingüístico galego, farase tamén en galego cando o medio de comunicación así o permita.

Art. 25.- Os cargos do Concello expresaranse normalmente en galego nos actos públicos dentro do territorio de Galiza, sempre que a intervención sexa por razón do propio cargo.

Art. 26.- Os libros, revistas e, en xeral tódolos carteis e publicacións que edite o Concello de San Sadurniño, como tamén as mensaxes que se emitan a través dos medios de comunicación galegos e mensaxes por megafonía en lugares dependentes do Concello, faranse en galego, agás aqueles que se adiquen especificamente á promoción do Concello cara ó exterior, que se poderán facer na lingua dos destinatarios.

Art. 27.- Fóra do ámbito lingüístico galego a publicidade farase sempre en versión dobre, en galego e na lingua propia do territorio onde se dirixe.

Art. 28.- A publicidade que se coloque en recintos propiedade do Concello deberá ser toda inexcusamente en galego.

Art. 29.- Tódolos textos que vaian ser publicados enviaranse ó Servizo de Normalización Lingüística para a súa corrección.

### **CAPÍTULO VII. DOS REXISTROS.**

Art. 30.- Sen perxuízo do que para os rexistros públicos establece o artigo 9 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galiza, nos rexistros administrativos das oficinas do Concello de San Sadurniño os asentos faranse sempre en galego, independentemente da lingua na que estean escritos.

### **CAPÍTULO VIII. ATENCIÓN Ó PÚBLICO.**

Art. 31.- Os servizos de tódalas unidades administrativas que teñan relación co público promocionarán o uso do idioma galego, mediante a súa utilización como lingua normal de comunicación e información ós cidadáns e cidadás dos seus dereitos lingüísticos de acordo cos criterios de máximo respecto e non discriminación.

### **CAPÍTULO IX. TOPÓNIMOS, SINALIZACIÓN E RÓTULOS.**

Art. 32.- De acordo co disposto polo artigo 10 da anteriormente citada Lei 3/1983, a única forma lingüística dos topónimos do Concello de San Sadurniño é a galega.

Art. 33.- Os rótulos, sinalizacións da Casa do Concello e outros edificios municipais e servizos públicos relacionados coa rede viaria municipal, dependentes do Concello ou instalada polas súas empresas adxudicatarias ou concesionarias serán redactadas en lingua galega. Cando o interese xeral o requira, tamén poderán redixirse nos idiomas que se estime convenientes a cada caso.

Cando o interese xeral así o requira, tamén poderán redactarse nos idiomas máis convintes en cada caso.

Art. 34.- O Concello de San Sadurniño velará pola normalización de toda a súa rotulación das sinalizacións; tomará as medidas necesarias para garantir o uso da toponimia oficial galega.

#### **CAPÍTULO X. DA SELECCIÓN E PROVISIÓN DE PERSOAL**

Art. 35.- A declaración de oficialidade da lingua galega esixe que todo o persoal ó servizo da administración municipal estea en condicións de empregalo nos dous niveis, oral e escrito.

Art. 36.- Nas convocatorias para o acceso a prazas de persoal do Concello de San Sadurniño, xa sexa funcionario ou laboral, figurará, como requisito indispensable ou mérito preferente que os aspirantes acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á función desempeñada no posto de traballo. Para iso, por proposta da Comisión de seguimento desta ordenanza o órgano competente do Concello aprobará nas bases das convocatorias o nivel de galego que acreditarán os aspirantes.

Art. 37.- Na provisión dos postos de traballo, incluídos os cargos con habilitación estatal, os candidatos estarán capacitados e posuír un grao de coñecemento oral e escrito da lingua galega para cada caso, e considerará o coñecemento expreso da mesma como requisito indispensable ou mérito preferente de acordo coa avaliación que se estableza.

Art. 38.- O Concello de San Sadurniño, de acordo co Servizo de Normalización Lingüística, poderá organizar cursos de lingua galega para todo o funcionariado que non teña o nivel requerido para cumprir con todo o referido nesta ordenanza nas súas tarefas diarias, tanto na transcripción de textos, coma na atención ó público.

Art. 39.- A formación profesional do persoal funcionario e laboral do concello de San Sadurniño farase en lingua galega, sempre que dependa do concello a programación e organización. De non depender del, o mesmo concello demandará que se faga en galego.

#### **CAPÍTULO XI. DO CUMPRIMENTO E SEGUIMENTO DA ORDENANZA.**

Art. 40.- Para garantir o cumprimento desta ordenanza, crearase unha comisión de seguimento, integrada cando menos polo Alcalde, o Secretario, a responsable do Servizo de Normalización Lingüística e un concelleiro/a de cada grupo municipal.

Art. 41.- Esta comisión de seguimento reunirse para velar polo cumprimento e desenvolvemento desta ordenanza, a iniciativa do Alcalde ou por petición dun tercio dos seus membros.

Art. 42.- A actualización, ampliación ou revisión desta ordenanza dependerá tamén desta Comisión de seguimento, que fará o estudo e proposta ó Pleno do Concello, para que, se proceda ó debate da modificación.

Art. 43.- Esta Comisión velará especialmente polo cumprimento desta ordenanza na comunicación co público en xeral e nas intercomunicacións do Concello co exterior, tanto por parte do funcionariado como dos concelleiros/as.

#### **CAPÍTULO XII. DO IMPULSO INSTITUCIONAL.**

Art. 44.- De acordo co establecido no art. 25 da Lei de Normalización Lingüística do galego, o Concello de San Sadurniño fomentará a normalización do uso do galego nas relacións mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outras dentro do ámbito municipal, e para isto farase constar por escrito nos convenios asinados coas diferentes organizacións, que quedan obrigadas a cumprir integramente os requisitos desta ordenanza.

Art. 45.- O Concello de San Sadurniño poderá outorgar reducións ou exencións fiscais (alí onde as disposicións legais o permitan) para as actuacións realizadas singularmente en favor do fomento da normalización lingüística, conforme o disposto na Lei de normalización lingüística.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Esta ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión realizada o 3 de febreiro de 2008 entrará en vigor ó seguinte día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

San Sadurniño, 29 de abril de 2008.

O ALCALDE PRESIDENTE,

Asdo.: Secundino García Casal.

08/5522-0

### **SAN SADURNIÑO**

#### **ANUNCIO**

##### *Aprobación definitiva bases deporte*

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de febreiro de 2008, acordou aprobar provisionalmente as Bases da convocatoria para concesión de subvencións para a promoción do deporte e entidades deportivas no ano 2008. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 67, do 24 de marzo de 2008, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícase o texto íntegro do correspondente Regulamento, que é o seguinte:

#### **“BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DO DEPORTE E ENTIDADES DEPORTIVAS**

##### **PRIMEIRA.- FINALIDADE E OBXECTO.**

Estas bases teñen por obxecto establece-los criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais dirixidas ao apoio e promoción do deporte no Concello de San Sadurniño, dacordo cos principios de publicidade, transparencia, obxetividade, libre concurrencia, non discriminación e igualdade, para a realización de actividades que, en xeral contribúan ó fomento dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños do Concello.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local; 40.2 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais; e 23 e seguintes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 de 17 de novembro; a Lei de Subvencións de Galiza e demais normas concordantes.

##### **SEGUNDA.-ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES.**

Poderán ser obxecto de subvención as actividades ou a promoción do deporte realizadas por entidades deportivas rexistradas con domicilio social en San Sadurniño no momento da convocatoria dentro do período natural do ano 2008 e que estén ao corrente das súas obrigas fiscais e económicas con calquera ente administrativo.